

Tema 2. A literatura do primeiro terzo do século XX (1900-1936): a prosa. As Irmandades da Fala, o Grupo Nós e os Novecentistas.

2.1. A prosa e o ensaio das Irmandades da Fala.

2.2. A prosa e o ensaio do Grupo Nós

2.3. Os Novecentistas

2.4. O xornalismo

Neste **primeiro terzo do século XX**, en especial entre 1916 e 1936, é cando verdadeiramente **naceu e se consolidou a prosa galega**. Isto foi posible grazas a unhas condicións políticas, sociais e culturais de carácter galeguista. Os integrantes das Irmandades da Fala crearon **infraestruturas editoriais** (**Terra a Nosa, Céltiga, Lar, Nós**) que fixeron posible o **acceso ao libro en lingua galega** para un importante número de lectores.

Na narrativa de preguerra cómpre distinguir tres grandes grupos de narradores:

- 1) **Os narradores das Irmandades da Fala** (continuadores da narrativa do s. XIX).
- 2) **O Grupo Nós**
- 3) **Os Novecentistas**

2.1. A prosa e o ensaio das Irmandades da Fala.

Desde o Rexurdimento até a aparición do Grupo Nós o xénero máis cultivado foi a lírica. Houbo, porén, algúns autores que cultivaron a prosa, aínda que cuns resultados mediocres de os compararmos coa extraordinaria calidade que adquirirá cos homes do Grupo Nós.

A **narrativa de ficción** das primeiras décadas do século XX seguiu aplicando os procedementos da **narrativa costumista e folclórica** do século XIX, tanto as novelas como os relatos breves e contos que se publican son, polo xeral, de **ambientación rural, temática popular** e con certo **carácter cómico**.

Algúns autores e obras:

As aventuras de Alberte Quiñoi de Manuel García Barros (Ken Keirades), *As abellas de ouro* de Xosé Lesta Meis, *O deputado de Beiramar* de Gonzalo López Abente ou *Naiciña* de Leandro Carré Alvarellos.

Nesta etapa **xorde** tamén o **ensaio**, xénero narrativo de **carácter científico** que se utilizou fundamentalmente para a **difusión da ideoloxía nacionalista**.

Ensaístas destacados das Irmandades da Fala: **Antón Vilar Ponte** (*Pensamento e sementeira*), **Lois Peña Novo**, **Ramón Vilar Ponte**, **Xoán Vicente Viqueira** e **Valentín Paz Andrade**.

2.2. A prosa e o ensaio do Grupo Nós

A década de 1920 supuxo un paso decisivo na **consolidación da narrativa galega**. Nun principio trata de buscar un público amplo, polo que se crea unha **novela moderna** cos **obxectivos** de:

- crear **coleccións literarias** como **Terra a Nosa** (suplemento do xornal El Noroeste), **Céltiga** ou **Lar**.
- **atraer a xente das cidades**.
- ofrecer **novelas curtas en edicións económicas** para entreter un público principalmente urbano.
- **temática ampla**: costumismo, ciencia ficción, humorismo, intriga, etc. co fin de modernizar e europeizar.

Coa creación das coleccións literarias **consolidouse un público lector galego** e creouse un **grupo de novelistas populares**.

O Grupo Nós outorgoulle un gran **prestixio** á cultura de Galicia e foron mestres e un exemplo a seguir para as xeracións vindeiras. A **Época Nós** foi unha etapa de **esplendor literario e cultural** e a lingua galega acadou con eles o nivel de madurez científica e literaria. Os homes do **Grupo Nós**, arredor das figuras de **Vicente Risco**, **Ramón Otero Pedrayo** e **Castelao**, serán os que superen definitivamente a narración de tipo folclórico e dean un aire novo á prosa galega incorporando nela **dous novos elementos**:

- **Didactismo**, ensinar entretendo. Publican novelas con intención pedagóxica, moral, crítica e satírica.
- **Humor**, a retranca. Non se fundamentan no chiste fácil senón nun humor retranqueiro, irónico e sutil, un humor que serve para comprender e relativizar os comportamentos.

Na **caracterización ideolóxica** do **Grupo Nós** hai que diferenciar **tres etapas**:

1) Etapa culturalista ou pregaleguista.

Os integrantes posúen unha **ampla formación cultural e literaria**, con especial fincapé nos **literatos románticos do s. XIX e primeiros anos do s. XX** (Edgar Allan Poe, Baudelaire, Verlaine, Rimbaud, Ibsen ou Nietzsche). Neste momento son **individualistas e elitistas** e séntense alleos á sociedade galega da que proveñen, pois estaban insatisfeitos co que os rodeaba e **procuraban o exótico**, o afastado e descoñecido, especialmente interesados na **cultura oriental**. Estaban, por tanto,

completamente desvencellados da cultura galega e do momento nacionalista. Unha parte deles, o grupo ourensán, colaboraban na revista ourensá **La Centuria**.

2) Etapa galeguista.

No **1916** opérase un **cambio radical** no pensamento destes autores e **ingresan nas Irmandades da Fala** da man de **Antón Losada Diéguez**. A partir deste momento, ademais de **procurar a dignificación do idioma**, tratarán de conectar Galicia con Europa nun afán de **modernización e superación do illamento cultural**. **Por tanto serán os artífices da prosa galega contemporánea tanto de ficción (narrativa) como científica (ensaio)**. Alén diso, no ámbito político participarán na fundación do **Partido Galeguista (1931)** e no ámbito cultural fundarán a **Revista Nós (1920)** de carácter científico-literario e crearán o **Seminario de Estudos Galegos (1923)**. **O cambio** deste grupo da Etapa pregaleguista á Etapa galeguista quedou **recollido** en tres obras: *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco, *Arredor de si* de R. Otero Pedrayo e *Dos nosos tempos* de F. López Cuevillas.

3) Etapa de posguerra.

A **Guerra Civil** no 1936 supuxo a **ruptura da unidade** e o remate da súa actividade: V. Risco acabaría renunciando ao galeguismo; R. Otero Pedrayo e F. López Cuevillas víronse obrigados ao silencio intelectual e político, A.D. Rodríguez Castelao tivo que exiliarse e outros como A. Bóveda, A. Noguerol ou A. Casal foron executados.

Autores:

Vicente Risco

Ingresa nas **Irmandades da Fala** e convértese no **principal ideólogo do Galeguismo** e publicará a obra *Teoría do Nacionalismo galego* co fin de exaltar a esencia de Galicia a través da lingua, da terra e da raza. Mais acaba por rachar co Galeguismo de esquerdas desvencellándose do Partido galeguista e fundando a **Dereita galeguista**. Neste momento publica *Mitteleuropa*, crónicas da súa viaxe a Centroeuropa, e *Leria*, unha miscelánea de textos literarios, filosóficos e etnográficos.

V. Risco pretendeu integrar a cultura galega dentro da cultura europea da época e **criticar** ferozmente a **sociedade consumista e burguesa**, para iso **desenvolveu**:

- **temas urbanos**, abandonando o ruralismo.
- **temas estranxeiros**, exóticos e extraordinarios.

- o **irracionalismo**.
- **Historicismo** e os temas tradicionais populares.
- **Esoterismo**: ciencias ocultas e o Máis alá.
- **Atlantismo celtista**.
- uso do **humor crítico** e da parodia social.
- **sentimento da terra**: exalta a paisaxe, a raza e a lingua.

Obras: *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, *O lobo da xente*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, *Os europeos de Abrantes* ou *O porco de pé*. Esta última é unha novela longa baseada na visión satírica de personaxes e estruturas sociais ourensás da súa época. Caricaturiza ao protagonista, Don Celidonio, comerciante de orixe castelá que chega a ser alcalde, personaxe que representa a vulgaridade e o materialismo burgueses.

Ramón Otero Pedrayo

A narrativa de Otero Pedrayo presenta **tres temas recorrentes**:

- **A tradición e o cristianismo**. A tradición representa a **sabedoría acumulada** a través das distintas xeracións: a forma de vivir, de pensar e de sentir. Por iso Otero **valora e respecta** aquilo que se mantén **inalterable ao longo dos tempos e rexeitará o materialismo e o capitalismo** (o que atentaba contra o mundo tradicional galego).
- **A fidalguía**. Nas súas obras recrea o **mundo rural de labregos e fidalgos** do s. XIX. Para el, esta clase social simboliza a vida ideal da sociedade galega, a tradicional das aldeas. Preséntanos a **fidalgúa na súa decadencia**, convertida nunha clase vida a menos porque emigraron á cidade, por tanto usa a decadencia desta clase social para simbolizar a desaparición da sociedade tradicional galega.
- **A paisaxe** non é un simple escenario nas súas obras senón que está **dotada de vida** e cambia constantemente. Por iso nas súas descrições sempre aparece unha **paisaxe humanizada** producindo sensacións e condicionando o xeito de actuar dos personaxes.

R. Otero Pedrayo emprega un **estilo épico**, de **carácter narrativo-descriptivo**, é dicir, nas **secuencias narrativas** predomina o **dinamismo** (sintaxe sinxela, frases curtas, elipses, asíndetons) mais nas partes **descriptivas** usa un **estilo lírico e recargado** (oracións subordinadas, enumeracións longas e numerosas metáforas e imaxes).

Obras:

Os camiños da vida. **Novela** que representa a sociedade rural galega no momento da súa **transformación**, no tránsito do s. XIX ao s. XX., centrada fundamentalmente na decadencia da burguesía e no ascenso da burguesía a través do vivir diario de dúas familias fidalgas, os Doncos e os Puga. Debido á súa extensión **publicouse en tres partes**: “Os señores da terra”, “A maorazga” e “O estudante”.

Arredor de si. **Novela** en que realiza un **retrato** da súa xeración fundamentalmente centrado na conversión do Grupo Nós ao Galeguismo.

Fra Venero. Trátase da **única novela** de Otero Pedrayo **de temática non galega**, senón unha visión panorámica da Europa de finais do s. XVIII. Narra a biografía dun personaxe histórico, Zacharías Werner, un luterano alemán que acaba converténdose ao Catolicismo e ordenándose sacerdote.

A súa **producción ensaística** é **abundante**, trata un **gran diversidade de temas** xeralmente con Galicia como eixe temático: estudos xeográficos e históricos, biografías, guías, libros de viaxes, etc.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao

Este autor é un mito en Galicia e probablemente sexa a **figura máis relevante** da historia e da cultura galega.

Trátase dun **artista integral**, **mesturou texto e imaxe** (plástica), pois as súas narracións van habitualmente acompañadas de debuxos ilustrativos. Ademais, mantivo sempre un **compromiso coas clases populares** e, por iso, **os temas das súas obras reflicten**, case exclusivamente, **a vida do pobo**. O tema principal que está presente en toda a súa obra é o **humanismo** e o **compromiso cos máis débiles**, xunto con outros **temas recorrentes** como son: os **problemas socio-económicos**, o **caciquismo**, a **emigración**, as **tradicións**, as **lendas** e **supersticións** populares, a **morte** e o **compromiso coa lingua** e a cultura de Galicia. Usa a miúdo o **humor** e uns recursos populares predominando: **frases breves e sintéticas**, **linguaxe clara e sinxela**, **humor** e **crítica aceda** e un profundo **lirismo** (crea clímax emocional).

O seu **estilo** é, pois, **sintético** e breve, concentrado nunha páxina, que transmite a esencia doce e aceda da realidade, tratando de facer evidentes problemas que o indignan pero ocultando a indignación no humorismo.

Obras:

Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete. **Relato satírico** da sociedade galega da súa época onde un esqueleto conta a dous compañeiros de cemiterio sucesos da súa vida pasada que el percibe a través dun ollo de vidro. As historias están contadas en clave irónica e conteñen denuncias sobre os diferentes males da sociedade galega.

Cousas. Achega literaria máis característica de Castelao, trátase dun conxunto de **45 relatos breves** de temática variada que **combinan imaxe gráfica e texto literario**.

Retrincos. Colección de **5 contos** presentados como **autobiográficos** e que recollen 5 momentos da vida de Castelao ordenados cronoloxicamente: infancia na emigración de Arxentina e xuventude en Rianxo.

Os dous de sempre. Trátase da **única novela** de Castelao, unha biografía paralela integrada por **44 capítulos breves** que xiran ao redor de dous personaxes antitéticos: Pedriño e Rañolas. A obra representa dúas actitudes humanas: o **idealista** e o **materialista**, simbolizados por un paxaro e un sapo.

Ensaio. Na súa obra ***Sempre en Galicia*** aparecen claramente **definidos os conceptos de nación e de estado**, expón o seu **pensamento político** afirmando que Galicia é unha nación porque posúa unha historia, unha realidade socioeconómica, un idioma e cultura propios e diferenciados.

2.3. Os Novecentistas

Integran este grupo aqueles escritores que **naceron arredor do 1900** e que están fundamente **influenciados** polos movementos de **Vanguardia** e cumpriron un papel decisivo na fundación do **Partido Galeguista** (1931).

Rafael Dieste

Dos arquivos do trasno, 20 contos de maxia e misterio que xiran ao redor da morte, o terror e o medo. Os temas parten da súa realidade máis próxima, anécdotas do seu Rianxo natal mesturados co sobrenatural.

Fermín Bouza Brey

Cabalgadas no Salnés, narración breve sobre as disputas entre fidalgos e bandoleiros nas Rías Baixas.

Luís Amado Carballo

Maliaxe e Os pobres de Deus, dúas narracións curtas influenciadas pola literatura de Valle-Inclán.

2.4. O xornalismo

As publicacións periódicas en lingua galega que marcaron o curso social, político e cultural do primeiro terzo do s. XX foron dúas: **A Nosa Terra** e **Nós**.

A Nosa Terra nace na Coruña o 14 de decembro de **1916** para logo converterse no voceiro oficial do Partido Galeguista en 1931, nela colaboraron case todos os intelectuais galeguistas daqueles tempos. A política fundamental dos seus promotores era a da **lingua**, coa convicción de que o galego era capaz de tratar os máis diversos temas de actualidade e non só a literatura. Deste xeito, aparecen publicados por **primeira vez artigos políticos, económicos e de reflexión** sobre política internacional, etc. Publicáronse en total **422 números**, até o 17 de xullo de 1936.

No ano **1920** en Ourense comeza a publicarse a revista **Nós**, a través dela procurábase afastar a cultura galega do folclorismo, do sentimentalismo e da influencia da cultura castelá mediante a **modernización** e a **universalización** da cultura galega. **Vicente Risco** era o responsable da **dirección literaria** e A.D. Rodríguez **Castelao** ocupábase da **dirección artística**. En **Nós** publicáranse artigos sobre a Literatura, a Historia, a Etnografía, a Arqueoloxía, a Filosofía, etc., adquirindo unha **dobre dimensión: científica e literaria**. Publicáronse **144 números**.

Co inicio da **Guerra Civil** no 1936, as publicacións monolingües en galego **desaparecen** por completo e durante o Franquismo as únicas manifestacións de prensa en galego corresponden a **xornais clandestinos** ou feitos desde o **exilio**.